



## *Cuánto pesa una cabeza humana. Diario de un virus coronado por el miedo*

---

Alfonso Armada, *Vaso Roto Ediciones*, Madrid, 2021, 216 pp.

El comeza o seu día cunha táboa de ximnasia, limpa a casa, e logo pon a mesa. Co salvoconduto do carro da compra, sae ao supermercado e –como non só de pan vive o home– achégase ao quiosco da prensa, onde descobre unha nova proximidade coa vendedora. De novo na casa, observa desde o seu privilexiado miradoiro un anaco da cidade abatida, e avista a outros náufragos en terrazas veciñas. Segue os avatares dunha acacia, milagrosamente revivida a pesar da *inmisericorde* poda. Contempla a choiva, le periódicos e libros, escoita música. E pensa – *pensar no está abolido* – para facerse cargo da situación indescifrible que como unha laxa se esborrallou sobre todos. Examina a estraña vida de agora e a non menos rara de antes. Toma nota do atafegante

balance de mortos, anticipa o final da condena, esboza promesas para cando todo termine. E cada atardecer asómase para aplaudir coa veciñanza aos heroicos sentinelas da vida, ata que un día... xa non se sente capaz de seguir facéndoo.

Aínda sen propoñerse contar nada (os poemas –e estas páxinas sono– non teñen por que facelo), o autor vai deixando entrever a trama do seu confinamento do ano da pandemia: unha corentena de cincuenta días, desde o domingo 15 de marzo de 2020 ata outro domingo, o do 3 de maio de 2020. Salvadas as distancias pertinentes, moitos poderíamos recoñecernos nas rutinas aquí evocadas daquelas desconcertantes semanas. Pero hai algo que diferencia este persoalísimo texto de tantos outros –ensaios, relatos, poemas e dia-

rios, publicados ou inéditos—zurdidos daqueles meses cruciais. Vexámolo.

O noso home volve cada mañá a unha lectura abandonada anos atrás, os textos de Paul Celan —poeta tan fondo como imprescindible— e inicia con el unha conversa á que se irán incorporando innumerables autores. Soidade sonora a súa, poboada por unha rica e equilibrada polifonía: así, xunto á desposuída —espectral— voz do poeta citado escoitamos o contrapunto sutil dos haikús serenamente luminosos de Matsuo Basho<sup>1</sup>. Animada conversa escrita que o noso autor mantén levando un diario, práctica da que xa botara man nalgunha outra ocasión, tamén extrema<sup>2</sup>.

Escribe nun exercicio de compaixón pois

---

1 Entre os innumerables interlocutores desta conversan cóntanse Emile Cioran e Simone Weil, Theodor W. Adorno e Stephan Zweig; e unha longa serie de poetas, desde a pléiade rusa (Ajmátova, Tsvietáeva, Mandelstam) ate o noso Uxío Novoneyra, pasando por Anne Carson, Louise Glück e Wislawa Szymborska.

2 Así, no impresionante *Sarajevo. Diarios de la guerra de Bosnia* (Malpaso, 2015), onde ás crónicas xornalísticas publicadas no seu día xustapón as entradas do diario persoal de entón.

*Necesitamos quitarnos los harapos de nuestra ignorancia.*

*Necesitamos saber del dolor de los demás.*

*Necesitamos asomarnos al exterior aunque sea peligroso porque lo es.*

Exercicio de piedade cos mortos anónimos da pandemia, para que non sexan unha simple cifra e «*nada se olvide*» pero tamén, ampliando o foco, para que o poeta suicida das súas lecturas matutinas non se lance ao Sena, e outra moi querida escritora —Anna Ajmátova, emblema de todas as vítimas do terror da historia— «*no muera por segunda vez / en este río pedregoso de olvido*». Testemuño compasivo e memoria da desgraza compartida, o diario convértese tamén nunha práctica cotiá de lucidez, nunha forma de resistencia, nunha táboa de salvación persoal.

Díxose, con reveladora esaxeración, que toda lectura é unha mala lectura, unha lectura equivocada; sen chegar a tanto, creo eu que sempre lemos desde unha circunstancia precisa e cun rumbo inevitable. Asumindo o meu, diría agora que o noso diarista aproveita

o «estado de sitio» para levar a cabo unha sorte de exercicios espirituais laicos. En efecto, fai un exame de conciencia rigoroso, nada condescendente, e formúlase dun modo moi concreto e existencial as eternas preguntas: que sei eu e que podo chegar a saber; que fago, que podo e que debo facer; que me cabe esperar. É que a pandemia, coa súa ameaza mortal, convertéuselle nun test baixo a luz da que pasa revista á enteira existencia –individual e colectiva– e descobre que na suposta normalidade anterior a verdadeira vida estaba ausente. Así dirá: «*¿Para qué sirve lo que hacíamos? ¿Qué buscábamos con tanta ansia? ¿Era esto la vida? ¿A ese carrusel estamos deseando volver?*». E tamén, de múltiples maneiras: «*¿Cuál es el sentido de la vida?*»

Un está tentado a ler todas esas preguntas –e as reflexións xurdidas delas– como unha discreta forma de pregaria que non necesita presentarse como tal. Non poderemos convir en que tamén o pensar no sentido da vida é xa unha forma, sequera rudimentaria, de oración? De feito, vemos o noso autor loitando unha e outra vez coas

vellas fes e imaxes de Deus, entre o desexo e aínda a necesidade de crer e de esperar, e a súa resistencia a iso<sup>3</sup>. E, aínda máis, a nostalxia de Cristo faise presente en moitas destas páxinas. Así, ver na pantalla do computador unha imaxe do pai morto hai anos faino pensar en Xesús camiñando sobre as augas; limpar a casa é para el como lavar «*los párpados, los labios / de Cristo*». Evoca a «*infancia incorrupta*» cando «*la muerte de Cristo literalmente / me dolía / como la de mi hermano mayor // pero todo tenía sentido*» e «*El mundo estaba*

3 Velaquí un mostrario: «*¿En qué creíamos / hace apenas doce noches? / ¿En qué creemos ahora?*» (52). «*Ah ¡cómo están siempre ahí / los dioses / acechándonos / divirtiéndose / a nuestra costa! / Para eso nos crearon. / Para eso los creamos*» (28). «*Por eso no queremos creer en nada / como si eso nos pusiera a recaudo de los virus / sólo en la esperanza / sólo en Dios / como los naufragos*». «*Porque contra toda esperanza queremos creer. Hasta que dejamos de creer*» (124). Aínda que non quere empregar en balde a palabra esperanza –que non lle gusta– e teme que se nos poida atragoar, «*coma un anaco de solombo*» (65), non deixa de recoñecerse coma un de «*los perseverantes / hijos de Eva / seres de humo y esperanza*» (76). E se os feitos da Historia –«*escmbros primorosamente clasificados*»– carecen de sentido, talvez non ocorra o mesmo coa vida «*que corre / contra toda esperanza / contra toda esperanza / contra toda esperanza*» (99).

*bien hecho*». Bota de menos a Xesús o Domingo de Ramos, en que ninguén na cidade solitaria sae recibilo; o venres lamenta que os xornais non dean noticia da súa morte, pero en cambio existren a da Semana Santa; o sábado abírmase —«*como a un pozo seco*»— ante a morte de Cristo, e a nosa; «*Quién resucita el Domingo de Resurrección?*», pregúntase o día de Pascua e reconece que «*Ni nuestra fe / pero mucho menos / nuestra infancia*». En fin, as aparicións de Pentecoste parécenlle «*llamitas para el miedo a la oscuridad*». Así que, corrixíndome a min mesmo, debo considerar se non habería que ler este diario coma uns exercicios espirituais máis ben pos cristiáns ca puramente laicos<sup>4</sup>.

A flexibilidade do xénero permite ao autor incluír neste diario as anotacións máis variadas: estampas do día e da hora, textos copiados das lecturas en curso, comentarios ao lido, meditacións persoais. Constru-

ción fragmentaria, multiforme, heteróclita, á que se sobrepón unha evidente unidade de ton, unha persistente atmosfera emocional. E así, entre dúbidas, perplexidades, preguntas, sentimentos enfrontados (o medo omnipresente e a vontade decidida de non acomodarse á situación), o diarista vai entresacando de aquí e de alá unha serie de sentenzas estimulantes que lle serven de apoio para ir vadeando o infortunio.

Cada entrada do diario é un moi peculiar poema, pois o autor preferiu abandonar nesta ocasión a prosa e entregarse a un «experimento poético». Son versos curtos —sen rima nin metro, algunhas veces dispostos en chanzos— que piden unha lectura pausada, meditativa. A dicción polo común sinxela, coloquial a intres, algunhas veces enigmática e deliberadamente desartellada, enriquecese con abundantes, suxestivas e moi reveladoras imaxes. Coma un rumor de fondo déixanse oír frases feitas e abundantes ecos literarios, modificados no seu caso. E as enumeracións —recorrentes, longas, cheas de sorpresas, nadas dunha mirada atenta e non convencional— con-

4 «¿Por qué contamos el mundo desde el nacimiento de un tal Jesucristo?», pregúntase (58). E identifícase dun modo peculiar co cristianismo: «*He ido a comprar / como los otros cristianos [...], unos cristianos / que han dejado de creer en Dios*» (54-55).

vídannos a ver con ollos novos a complexidade do mundo.

Pechan o diario propiamente dito unha brevísima Coda e un Epílogo a modo de agradecemento. A primeira acláranos a procedencia do enigmático título: «*Ese día aprendí que una cabeza humana pesa unos dos kilos y medio*», é unha cita de *Lo que han oído es cierto. Testimonio y resistencia*, obra de Carolyne Forché, poeta estadounidense, moi comprometida coas loitas campesiñas e cos dereitos humanos en Centroamérica. Pola súa banda, o epílogo ofrécenos unha relación dos escritores e das obras que máis incitaron o autor, pero sen abarcar os innumerables que o acompañaron no seu libro.

Remato estas liñas, consciente de que non dan conta axeitada de libro tan fermoso, dorido e estimulante coma este: un diario sobre o que talvez sexa «a grande metáfora do noso tempo». Recoñezo que do rico tecido destas páxinas só tirei, un pouco caprichosamente, dalgún dos seus fíos. Quédame resoando unha insuperable lección de procura de sentido, de lucidez, de xenuína

compaixón. Tamén, de confianza no valor da palabra e na función consoladora e incitante dos bos libros. Oxalá que tamén ti –lectora, lector– poidas aproveitar o encontro con esta obra e gozar del.

O autor, Alfonso Armada Rodríguez (Vigo, 1958) é xornalista, poeta e home de teatro. Dirixe a revista *Fronterad* e traballou nos diarios *El País* e *ABC*, para o primeiro dos cales cubriu o cerco de Saraxevo e o xenocidio de Ruanda. Da súa nutrida obra poética –en galego e castelán– cabe destacar títulos como *Diario da noite* (Xerais) e *Cuaderno ruso* (Bartebly). Da súa moi extensa produción en prosa menciono como mostra *El rumor de la frontera. Viaje por el borde entre Estados Unidos y México (Península)*. Moi recente é a publicación de *Cuaderno de viaje al país natal* (Editorial La Umbría y La Solana, 2022), que recolle artigos publicados en *Estela*, suplemento semanal de *Faro de Vigo*. «Este libro –dixo o seu autor, residente longos anos fóra de Galicia– é unha viaxe de reencontro co país e comigo mesmo».

**Ramón Cao Martínez**